

## **O Equipo de Dinamización da Lingua Galega convoca o I Concurso escolar de tradución "Xela Arias"**



### **Bases do concurso**

#### **DESTINATARIOS/AS**

Alumnado de 4º ESO e 1º BACH do IES de Foz.

#### **TRADUCIÓNS**

As traducións versarán sobre obras da literatura universal, infantil e xuvenil que foron traducidas ao galego por Xela Arias.

#### **DURACIÓN**

A actividade de tradución terá unha duración máxima de 40 minutos.

#### **CONTROL DO PROCESO**

A actividade realizarase na Biblioteca, coa colaboración de profesorado responsable, e na mesma respectarase o protocolo covid vixente no centro. Non se permitirá o uso de ningún dispositivo electrónico. Cada alumno/a poderá usar o seu propio dicionario. Seguiranse, en todo caso, as indicacións do profesorado encargado.

#### **DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE**

O alumnado que estea interesado en participar pode inscribirse na Biblioteca ata o día 8 de maio.

O concurso realizarase o día 11 de maio de 2021 entre as 12:50 e as 13:40 horas.

O concurso consistirá en traducir ao galego un dos textos propostos no seu idioma orixinal: español, francés, inglés ou portugués.

As traducións serán revisadas e corrixidas por profesorado do centro dos Departamentos de linguas. Seleccionaranse as mellores traducións ao galego desde cada idioma.

O grupo que avaliará as traducións terá en conta os criterios seguintes:

- a exactitude da tradución
- a capacidade de redacción (corrección gramatical e riqueza expresiva)
- a fluidez do texto
- a creatividade das solucións

#### **PREMIOS**

Outorgarase un premio á mellor tradución ao galego desde cada idioma. Se a calidade das traducións non é adecuada, o premio poderá quedar deserto. Poderá concederse accésit a traducións moi ben realizadas pero sen premio. A entrega de premios realizarase durante o mes de maio.

O feito de participar neste concurso implica a aceptación destas bases así como a decisión do xurado cualificador.

**Convidámoste ;) Participa!**